

8



## Ollos abertos

### Admiradores dos famosos

Hai persoas famosas que teñen moitos admiradores. Estes admiradores escóitanos, apláudenlles e queren parecerse a esas persoas.

- **Os admiradores compórtanse dunha forma determinada ante as persoas que admiran:**
  - Ven os programas de televisión nos que aparecen esas persoas.
  - Len as revistas e os xornais que falan delas.
  - Fan o posible por asistir a onde estean.
  - Gústalles saber cousas sobre a súa vida, a súa familia, os seus gustos e afeccións.
  - Faríalles moita ilusión poder falar con elas, ter un autógrafo seu.
  - Coleccionan fotos, pósteres, recortes de xornais, libros, entrevistas, vídeos, cintas ou discos de música, “deuvedés”...

Famosos aos que admiro	¿Que admiro máis neles?
<ul style="list-style-type: none"> <li>■</li> <li>■</li> <li>■</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■</li> <li>■</li> <li>■</li> </ul>



## Mirada penetrante

### Conselleiros dos famosos

Pero os famosos teñen tamén os seus amigos máis íntimos, os seus conselleiros e colaboradores máis próximos.

- **As persoas famosas teñen tamén un comportamento específico cos que os admiran:**
  - Invítanos á súa casa, chámanos, pasan con eles parte do tempo libre e as vacacións.
  - Cóntanlles cousas da súa vida, segredos que eles non deben comentar con ninguén.
  - Pídenlles consello cando teñen que decidir algo, axuda para realizar as súas actividades.
  - Quérenlles e pásano ben con eles, están a gusto na súa compañía.

Canto máis boa é unha persoa famosa, máis nos gustaría coñecela, ser os seus amigos e colaborar con ela.



## Oídos atentos

### O grupo dos amigos de Xesús

Cando Xesús comezou a realizar a misión que o Pai Deus lle encomendara, moitos seguían moi a miúdo. Destes escolleu uns poucos. Con eles formou o grupo dos seus amigos e colaboradores máis íntimos.




■ O Señor designou outros setenta e dous, e enviounos de dous en dous diante de si a todas as vilas e aldeas onde tiña pensado ir... Volveron os setenta e dous moi contentos. (Lc 10,1. 17)




– Eles cumpren o encargo e volven gozosos para contarlle a Xesús o que fixeron.



■ A doce fíxoos os seus compañeiros: a Simón Pedro, Santiago e o seu irmán Xoán..., a Andrés, Filipe, Bartolomeu, Mateu, Tomé, Santiago o de Alfeo, Tadeu, Simón o Zelota e Xudas Iscariote, que o entregou. (Mc 3,13-19)



– Eles quérenos, séguenos con alegría; anuncian por todo o mundo a súa salvación.



■ Colleu a Pedro, a Santiago e ao seu irmán Xoán e levounos á parte a unha montaña alta. Transfigurouse diante deles. (Mt 17,1-2).

■ No Horto das Oliveiras tomou consigo a Pedro, Santiago e Xoán. (Mc 14,33)

– Fainos os seus predilectos, fainos testemuñas de acontecementos especiais.





■ *Eu dígoche que ti es Pedro e sobre esta pedra edificarei a miña Igrexa... A ti dareiche as chaves do Reino dos ceos; e o que ates na terra, quedará atado nos ceos, e o que desates na terra quedará desatado nos ceos. (Mt 16,18-19)*



– Pedro, a pesar dos seus fallos, ama a Xesús, e cumpre fielmente a misión que El lle encomenda.



► Con axuda de todo o anterior, completa estes cadros.



Xesús e \_\_\_\_\_  
 ¿Que actividades lles manda realizar?  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_



Xesús e \_\_\_\_\_  
 ¿Que tarefa lle encomenda?  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_



Xesús e \_\_\_\_\_  
 ¿Como tratan a Xesús?  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_



## Memoria esperta

### Xesús e os seus amigos

A Igrexa garda na súa memoria as obras e palabras de Xesús e transmítenlas a todos para que tamén nós as gardemos con cariño.

- ¿Quen foron os discípulos de Xesús?
- ¿Quen son os Apóstolos?

■ ¿Como se comporta Xesús cos Doce Apóstolos?

■ ¿Que misión lle deu Xesús a Pedro?



## Mans activas

### Xesús chámamos a ser os seus amigos


Xesús chámamos hoxe a nós a ser os seus amigos.

#### ■ Xesús chámamos



- *A vós trateivos de amigos, pois todo o que lle oín ao meu Pai déivolo a coñecer... Non me escollestes vós a min, senón quen vos escollín eu a vós. (Xn 15,15-16)*

Nós debemos corresponder á súa amizade.



▶ ¿Que nos resulta máis difícil de vivir hoxe a nós?

#### ■ Xesús chama a algúns a unha amizade máis íntima

Xesús chama hoxe a algúns a unha amizade máis íntima, a colaborar con El:

- Anunciar o Evanxeo.
- Celebrar a Eucaristía.
- Perdoar os pecados...

Son os sacerdotes.

Tamén pode chamarte a ti. Con alegría, debes acoller o seu convite e dicirlle: "SI".